

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**13420** *Real decreto 1484/2012, do 29 de outubro, sobre as achegas económicas que deben realizar as empresas con beneficios que realicen despedimentos colectivos que afecten traballadores de cincuenta ou máis anos.*

Al disposición adicional décimo sexta da Lei 27/2011, do 1 de agosto, de actualización, adecuación e modernización do sistema de seguridade social, estableceu a obriga de efectuar achegas económicas ao Tesouro público por parte das empresas que efectúen despedimentos colectivos que afecten traballadores de cincuenta ou máis anos, cando en tales despedimentos concorran unha serie de circunstancias.

As razóns do establecemento desta contribución encóntranse na necesidade de temperar os impactos sociais e económicos dos procesos de reaxuste empresarial que provocan, dunha banda, a expulsión prematura do mercado de traballo dos traballadores de máis idade, afectados estruturalmente no noso mercado de traballo por unha taxa de actividade por debaixo dos países europeos do noso contorno e que teñen problemas para poder volver incorporarse ao emprego; e, por outra, un importante custo para o noso sistema de protección por desemprego, difícil de asumir socialmente, cando as empresas que realizan estes procesos de reestruturación teñen necesidade de os pór en práctica, aínda que obtiveran beneficios, canto máis nunha conxuntura económica como a actual.

O Real decreto lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, modificou a redacción da disposición adicional décimo sexta da Lei 27/2011, do 1 de agosto, fundamentalmente para establecer por lei os elementos esenciais para determinar a contía da achega, tanto a escala para fixar o tipo como os conceptos sobre os cales este se aplica. Así mesmo, redefiníronse algúns dos requisitos para que as empresas estean obrigadas a realizar a contribución, e ampliouse o contido da disposición para regular outros aspectos da achega, como a posible adopción de medidas cautelares para asegurar o seu pagamento ou o destino de, polo menos, un 50% das cantidades recadadas aos orzamentos do Servizo Público de Emprego Estatal para financiar accións de reinserción laboral para o colectivo de traballadores de 50 ou máis anos.

A redacción da disposición adicional décimo sexta da Lei 27/2011, do 1 de agosto, tamén resultou afectada pola Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, que deriva do dito real decreto lei, a cal definiu novos requisitos e límites que determinan a suxeición ao pagamento da achega, ampliando o número potencial de empresas obrigadas e, por outro lado, incluíndo como elemento integrante da achega as prestacións por desemprego percibidas polos traballadores de cincuenta ou máis anos afectados por medidas de regulación temporais de emprego cuxos contratos de traballo sexan extinguidos no ano seguinte.

Tendo en conta a modificación da regulación legal das contribucións efectuada pola reforma laboral, o presente real decreto ten por obxecto regular o procedemento para a liquidación e o pagamento das achegas, incorporando aqueles aspectos instrumentais e as cuestións técnicas necesarias para que os órganos competentes poidan liquidar e recadar o seu pagamento.

Para iso a norma estrutúrase en tres capítulos, ben que os dous primeiros se refiren ás cuestións xa reguladas na lei sobre as cuestións substantivas relativas ao suposto de feito que determina o pagamento da achega e os elementos concernentes á súa cuantificación.

Entre as disposicións xerais do real decreto, faise expresa referencia á natureza xurídica das contribucións económicas como dereitos de natureza pública non tributarios da Administración xeral do Estado.

A continuación, a norma regulamentaria establece, como xa o fai a disposición legal, o sistema de cálculo da achega económica, que se realizará a través de liquidacións anuais, mediante a aplicación do tipo porcentual, definido nunha escala legalmente prevista, sobre a contía dos importes satisfeitos polo Servizo Público de Emprego Estatal polos conceptos establecidos na lei: prestacións e subsidios de desemprego así como cotizacións á Seguridade Social aos traballadores de cincuenta ou máis anos afectados polos despedimentos.

Para o procedemento de liquidación da achega, a norma sitúa o Servizo Público de Emprego Estatal como o organismo público chamado a xestionar a liquidación das contribucións económicas que aboarán as empresas, dada a estreita relación entre as ditas achegas e as prestacións e subsidios por desemprego que esta entidade recoñece e paga os traballadores afectados polos despedimentos. Con todo, a norma dispón que a dita entidade xestora deberá contar cos necesarios medios de auxilio e colaboración para o cumprimento do seu labor de control, e regularase expresamente a certificación que debe emitir a autoridade laboral que reciba a comunicación da empresa de despedimento colectivo cando na dita empresa se poidan dar as circunstancias que dean lugar ao pagamento da contribución económica.

O procedemento de liquidación da achega anual naturalmente prevé unha fase de liquidación provisional, que é susceptible de alegacións pola empresa, tras o cal o Servizo Público de Emprego Estatal deberá emitir a resolución definitiva. Por outra banda, unha vez que o importe da achega foi obxecto de liquidación anual e unha vez notificada esta á empresa obrigada, corresponderá ás delegacións de Economía e Facenda e á Axencia Estatal de Administración Tributaria a tarefa de recadar as achegas económicas en período voluntario e executivo, respectivamente.

Particular importancia teñen as disposicións da parte final relativas, en especial, ás cuestións de dereito transitorio, dadas as sucesivas modificacións que a disposición adicional décimo sexta da Lei 27/2011, do 1 de agosto, experimentou ultimamente. O real decreto recolle para tal fin as disposicións transitorias xa fixadas mediante norma con rango formal de lei na Lei 3/2012, do 6 de xullo, que consisten, en esencia, en aplicar, para a determinación da procedencia do pagamento da achega e a contía desta polos despedimentos colectivos iniciados con posterioridade ao 27 de abril de 2011, os requisitos e límites fixados na redacción da dita disposición adicional décimo sexta aplicable en función da data de inicio do despedimento colectivo.

Durante a tramitación deste real decreto foron consultadas as organizacións empresariais e sindicais máis representativas, así como as comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta conxunta da ministra de Emprego e Seguridade Social e do ministro de Economía e Competitividade, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de outubro de 2012,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto o establecemento do procedemento para a liquidación e pagamento da contribución económica que deben satisfacer as empresas incluídas no suposto previsto na disposición adicional décimo sexta da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de seguridade social.

As achegas económicas a que se refire o parágrafo anterior terán a consideración de dereitos de natureza pública non tributarios da Administración xeral do Estado, e seranlles

de aplicación as disposicións contidas no título I, capítulo II, da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

## Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. De conformidade co punto primeiro da disposición adicional décimo sexta da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de seguridade social, o disposto no presente real decreto será de aplicación ás empresas que realicen despedimentos colectivos de acordo co establecido no artigo 51 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, que inclúan traballadores de cincuenta ou máis anos de idade, sempre que en tales despedimentos colectivos concorran as seguintes circunstancias:

a) Que sexan realizados por empresas de máis de 100 traballadores ou por empresas que formen parte de grupos de empresas que empreguen ese número de traballadores.

b) Que afecten traballadores de cincuenta ou máis anos de idade.

c) Que, aínda concorrendo as causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción que os xustifiquen, as empresas ou o grupo de empresas de que formen parte tivesen beneficios nos dous exercicios económicos anteriores a aquel en que o empresario inicia o procedemento de despedimento colectivo. Para estes efectos, considérase que unha empresa tivo beneficios cando o resultado do exercicio, tal e como se define nos modelos de contas anuais de perdas e ganancias, tanto normal coma abreviada, recollidos no Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan xeral de contabilidade, sexa positivo.

2. Para os efectos deste real decreto consideraranse como traballadores de cincuenta ou máis anos:

a) Todos aqueles traballadores afectados polo despedimento colectivo que tivesen acadada a dita idade na data de extinción do contrato, dentro do período previsto para a realización dos despedimentos que figure na comunicación da decisión empresarial á autoridade laboral tras a finalización do período de consultas contida no artigo 51.2 do Estatuto dos traballadores.

b) Os traballadores que tivesen acadada a dita idade na data da extinción dos seus contratos por iniciativa da empresa ou empresas do mesmo grupo, en virtude doutros motivos non inherentes á persoa do traballador distintos dos previstos no artigo 49.1.c) do Estatuto dos traballadores, cando as ditas extincións de contratos se producisen nos tres anos anteriores ou posteriores ao inicio do despedimento colectivo.

3. De conformidade co punto oitavo da disposición adicional décimo sexta da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de seguridade social, aplicarase o disposto no presente real decreto cando a empresa proceda á aplicación de medidas temporais de regulación de emprego conforme o establecido no artigo 47 do Estatuto dos traballadores que afecten traballadores de cincuenta ou máis anos con carácter previo á extinción dos contratos de traballo dos mesmos traballadores, calquera que sexa a causa da extinción do contrato de traballo, sempre que non transcorrese máis dun ano desde a finalización da situación legal de desemprego pola aplicación a cada traballador das medidas temporais de regulación de emprego ata a extinción do contrato de cada traballador.

Para os efectos do previsto neste punto consideraranse traballadores de cincuenta ou máis anos todos aqueles que tivesen acadada ou acaden a dita idade dentro do período previsto para a aplicación das medidas temporais de regulación de emprego.

## CAPÍTULO II

### Determinación do importe da achega

Artigo 3. *Conceptos para a determinación do importe da achega.*

1. Para o cálculo da contribución económica a que se refire o artigo 1, tomarase en consideración o importe bruto das prestacións e subsidios por desemprego dos traballadores de cincuenta ou máis anos de idade afectados polo despedimento colectivo, incluídas as cotizacións á Seguridade Social realizadas polo Servizo Público de Emprego Estatal de acordo co establecido nos seguintes puntos. Tamén se incluírán para os efectos do cálculo da contribución económica os importes realizados polo Servizo Público de Emprego Estatal polos referidos conceptos dos traballadores de cincuenta ou máis anos cuxos contratos se extinguisen por iniciativa da empresa ou empresas do mesmo grupo, en virtude doutros motivos non inherentes á persoa do traballador distintos dos previstos no parágrafo c) do número 1 do artigo 49 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, sempre que as ditas extincións de contratos se producisen nos tres anos anteriores ou posteriores ao inicio do procedemento de despedimento colectivo.

Non obstante, excluíranse do cálculo da contribución económica, por petición da empresa afectada, os importes de prestacións e subsidios por desemprego dos traballadores de cincuenta ou máis anos de idade afectados que foron obxecto de recolocación na mesma empresa, ou noutra empresa do grupo de que forme parte, ou en calquera outra empresa, nos seis meses seguintes á data en que se produza a extinción dos seus contratos de traballo. Nestes casos a empresa deberá acreditar todos os requisitos exixidos para a recolocación no artigo 6.2, no procedemento previsto no dito artigo.

2. O importe da achega determinarase anualmente mediante a aplicación do tipo establecido no artigo seguinte sobre cada un dos seguintes conceptos:

a) Contía total efectivamente aboada polo Servizo Público de Emprego Estatal por prestacións por desemprego de nivel contributivo dos traballadores de cincuenta ou máis anos afectados polo despedimento colectivo e extincións do contrato en virtude doutros motivos non inherentes á persoa do traballador, de acordo co artigo 3.1, xeradas total ou parcialmente en virtude das cotizacións acreditadas na empresa que promoveu aqueles.

b) Contía total efectivamente aboada polo Servizo Público de Emprego Estatal por cotizacións á Seguridade Social a cargo da entidade xestora das prestacións por desemprego polos traballadores a que se refire a letra anterior, durante o período de percepción destas.

c) Un canon fixo por cada traballador a que se refire a letra a) que esgotase a prestación por desemprego de nivel contributivo e que comece a percibir o subsidio por esgotamento da prestación ou o establecido no artigo 215.1.3 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño. Este canon calcularase mediante a titulización durante un período de seis anos da suma do custo anual do subsidio por desemprego máis o da cotización por xubilación por conta da entidade xestora no ano do esgotamento, con independencia da duración efectiva dos mencionados subsidios, e será suficiente que acceda a calquera deles.

Tamén se fará efectivo o canon fixo por cada traballador que, non tendo dereito ao cobramento da prestación por desemprego contributiva, acceda directamente ao subsidio por desemprego, como consecuencia da situación legal de desemprego motivada polo despedimento colectivo ou a extinción do contrato en virtude doutros motivos non inherentes á persoa do traballador, de acordo co artigo 3.1.

3. Para o cálculo da contribución económica no suposto previsto no artigo 2.3, tomarase en conta o importe das cantidades realizadas polo Servizo Público de Emprego Estatal a que se refire o número 1, durante os períodos de aplicación de medidas de

regulación temporal de emprego que afecten os traballadores de cincuenta ou máis anos, previos á extinción dos contratos, incluídos, de ser o caso, os que puidesen corresponder en concepto de reposición da duración da prestación por desemprego de nivel contributivo, sen prexuízo do establecido no punto 2.c).

Cando os traballadores acaden a idade de cincuenta anos durante a vixencia da aplicación das medidas de regulación temporal de emprego, unicamente se tomará en conta para o cálculo da contribución económica o importe das cantidades realizadas polo Servizo Público de Emprego Estatal a que se refire o número 1 que correspondan ao período posterior a acadar a dita idade.

**Artigo 4. *Establecemento do tipo para a determinación do importe das achegas.***

O tipo establecido na escala a que se refire o número 4 da disposición adicional décimo sexta da Lei 27/2011 para calcular a contribución económica determinarase aplicando as seguintes regras:

a) A porcentaxe de traballadores afectados de cincuenta ou máis anos sobre o total de traballadores que foron obxecto de despedimento colectivo calcularase ano a ano, dentro do período previsto para a realización dos despedimentos que figure na comunicación da decisión empresarial á autoridade laboral tras a finalización do período de consultas, tendo en conta o número total de ambos os colectivos que foi obxecto de despedimento colectivo, ata o ano en que se efectúa o cálculo.

Cando existan traballadores afectados por medidas de regulación temporal de emprego a que se refire o artigo 2.3, estes incluíranse para determinar a porcentaxe indicada.

O cálculo da porcentaxe obtida en cada ano non dará lugar á revisión da contía das contribucións económicas dos anos anteriores, salvo erro ou falta de información no momento do seu cálculo.

b) Os beneficios da empresa ou grupo de empresas cuantificaranse en función da porcentaxe media dos resultados de cada exercicio respecto dos ingresos por operacións continuadas e interrompidas considerados para calcular os ditos resultados, de acordo co establecido no artigo 2.1.c), referidos aos dous exercicios económicos inmediatamente anteriores a aquel en que o empresario comunique á autoridade laboral a apertura do período de consultas que debe preceder o despedimento colectivo.

c) O número de traballadores da empresa ou do grupo de empresas de que forme parte calcularase segundo os que se encontren en alta na empresa ou no grupo de empresas no momento de comunicar á autoridade laboral a apertura do período de consultas que precede o despedimento colectivo, con independencia de que traballen a xornada completa ou a tempo parcial.

### CAPÍTULO III

#### **Procedemento para a liquidación e pagamento das achegas**

**Artigo 5. *Información previa.***

1. Na determinación dos elementos que dan lugar ao cálculo da achega a que se refire o presente real decreto, así como o importe desta, terase en conta a certificación a que se refire o número seguinte e a información obtida polo Servizo Público de Emprego Estatal, con base no control realizado directamente ou a través dos mecanismos de cooperación e colaboración administrativa previstos legal e regulamentariamente.

2. A autoridade laboral que reciba a comunicación da decisión empresarial de despedimento colectivo por parte dunha empresa en que concorran as circunstancias sinaladas no artigo 2.1 remitirá ao Servizo Público de Emprego Estatal unha certificación acreditativa dos seguintes aspectos:

a) Número de traballadores que se encontren en alta na empresa ou empresas do mesmo grupo. Para tal efecto incluírase a relación dos códigos de conta de cotización da empresa que realiza o despedimento colectivo e, de ser o caso, do resto das empresas que conforman o grupo de empresas, con mención do número de traballadores adscritos a cada un deles no momento da comunicación de inicio do período de consultas.

b) Número de traballadores afectados polo despedimento colectivo. Igualmente se incluíra, se é o caso, a relación dos contratos de traballo que se extinguiron nos tres anos inmediatamente anteriores á data da comunicación de inicio do período de consultas por iniciativa da empresa ou empresas pertencentes ao mesmo grupo, en virtude doutros motivos non inherentes á persoa do traballador distintos dos previstos no artigo 49.1, c) do Estatuto dos traballadores, salvo que a extinción dos citados contratos fose anterior ao 27 de abril de 2011.

c) Porcentaxe media de beneficios da empresa ou do grupo de empresas de que forme parte respecto dos ingresos, nos dous exercicios económicos anteriores a aquel en que se inicie o procedemento de despedimento colectivo, conforme o disposto no artigo 4.b).

3. O Servizo Público de Emprego Estatal poderá, en todo caso, iniciar o procedemento a que se refire o artigo seguinte cando verifique a concorrencia das circunstancias establecidas no artigo 2.1, aínda cando non emitise a autoridade laboral a certificación indicada no número anterior.

#### Artigo 6. *Procedemento de liquidación.*

1. O Servizo Público de Emprego Estatal remitirá en cada exercicio ás empresas incluídas no ámbito de aplicación deste real decreto unha proposta de liquidación que incluíra a información establecida nas letras a) a h) do artigo 7. As empresas poderán realizar alegacións ao establecido na citada proposta de liquidación no prazo de quince días e xuntarán a estas as probas que consideren necesarias.

2. Conforme o disposto no número 2 da disposición adicional décimo sexta da Lei 27/2011, do 1 de agosto, as empresas deberán acreditar neste trámite de alegacións a recolocación dos traballadores de cincuenta ou máis anos para os efectos da exclusión do cálculo da achega económica dos importes das prestacións e subsidios dos ditos traballadores. Unicamente se entenderá realizada a recolocación para tal fin cando esta se producise nos seis meses seguintes á data da extinción dos seus contratos de traballo a través dun novo contrato de traballo de análoga natureza e cunha xornada de traballo equivalente á que tiña no contrato extinguido e cuxa duración alcanzase, polo menos, os tres anos, salvo que se extinga por despedimento disciplinario declarado procedente, dimisión, morte, xubilación ou incapacidade permanente, total, absoluta ou grande invalidez.

3. Unha vez finalizado o prazo fixado no número 1, o director xeral do Servizo Público de Emprego Estatal, tendo en conta, se é o caso, as alegacións presentadas, ditará unha resolución de liquidación co contido previsto no artigo seguinte e notificarállela ás empresas afectadas.

4. Contra as resolucións do director xeral do Servizo Público de Emprego Estatal poderá recorrer en alzada a empresa, ante o ministro de Emprego e Seguridade Social.

5. A interposición do recurso de alzada non suspenderá a execución da resolución impugnada salvo que a solicite a empresa mencionada no número 1 e esta proceda a garantir o importe da liquidación practicada mediante a constitución de aval bancario solidario presentado por algún dos bancos, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizadas para operar en España.

En caso de suspensión, unha vez resolto o recurso de alzada, salvo que na resolución se indique o contrario, iniciarase o procedemento de recadación tendo en conta o importe resultante no citado recurso e procederase a cancelar a garantía presentada no prazo de dous meses desde que se notificase a súa resolución.

#### Artigo 7. *Contido da resolución.*

A resolución a que se refire o artigo 6.3 especificará, en todo caso, os seguintes aspectos:

- a) Datos de identificación da empresa responsable: razón ou denominación social, número de identificación fiscal, código ou códigos de conta de cotización á Seguridade Social, domicilio e actividade.
- b) Relación circunstanciada dos feitos e preceptos normativos que determinan a obriga empresarial de responder do pagamento da achega.
- c) Relación nominal dos traballadores de cincuenta ou máis anos da empresa que percibiran prestacións por desemprego de nivel contributivo dentro do período a que se refire a liquidación.
- d) Importes brutos, desagregados por meses, polos conceptos a que se refire o artigo 3.2, a) e b) e 3.3 que fosen satisfeitos polo Servizo Público de Emprego Estatal dentro do período liquidable por cada un dos traballadores de cincuenta ou máis anos afectados.
- e) Período a que se refire a liquidación, que comprenderá o ano natural inmediatamente anterior a aquel en que se realiza a proposta de liquidación, salvo que, por aplicación do disposto nos artigos 2.3 e 3.1, resulte procedente que comprenda os anos naturais inmediatamente anteriores a aquel en que se realiza a dita proposta.
- f) Relación nominal de traballadores de cincuenta ou máis anos da empresa que se vaian ter en conta no cálculo do canon establecido no punto 3.2.c), así como o seu importe.
- g) Tipo aplicable conforme a escala fixada nos números 4 e 5 da disposición adicional décimo sexta da Lei 27/2011, do 1 de agosto, e o artigo 4 do presente real decreto.
- h) Importe total da débeda que se deberá ingresar no Tesouro público.

#### Artigo 8. *Medidas cautelares.*

Cando o despedimento colectivo implique a cesación total da actividade da empresa no territorio español, o órgano competente poderá adoptar as medidas cautelares oportunas, de acordo coa lei, para asegurar o cobramento da débeda correspondente á contribución económica, aínda cando esta non foi obxecto de cuantificación e liquidación con carácter previo.

Para os efectos da adopción das medidas cautelares a que se refire o parágrafo anterior, o Servizo Público de Emprego Estatal comunicarlle ao órgano competente, no prazo máis breve posible, a estimación da achega económica que aboará a empresa en función de todos os datos coñecidos que poidan influír na determinación da contribución económica que a empresa obrigada debe satisfacer.

#### Artigo 9. *Sucesión de empresas.*

Para os efectos do establecido no artigo 44 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto legislativo 1/995, do 24 de marzo, o novo empresario quedará subrogado nas obrigas derivadas do pagamento da achega económica a que se refire este real decreto.

#### Artigo 10. *Ingreso das achegas e xestión recadatoria.*

1. Sen prexuízo da posibilidade de presentar recurso de alzada contra a resolución indicada no artigo 6.3, as empresas deberán ingresar no Tesouro público o importe das achegas contidas en cada unha das resolucións anuais no prazo de 30 días desde o que se producise a súa notificación.

2. A recadación das achegas a que se refire o presente real decreto corresponderá ás delegacións de Economía e Facenda en período voluntario e á Axencia Estatal de

Administración Tributaria en período executivo, conforme o establecido no artigo 3.1.b) do Regulamento xeral de recadación aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.

Artigo 11. *Revisión da contía da achega.*

O Servizo Público de Emprego Estatal poderá revisar a contía das achegas liquidadas con anterioridade nos supostos de erro, falta de información ou por indebida exclusión para o seu cálculo dos importes satisfeitos polo Servizo Público de Emprego Estatal polos conceptos indicados no artigo 3. Para tal efecto, o dito organismo procederá a regularizar na seguinte proposta de liquidación anual que deba emitir conforme o artigo 6 ou mediante unha nova proposta a contía das contribucións dos anos anteriores, revisándoas, á alza ou á baixa, segundo proceda.

O prazo máximo para revisar a contía das achegas será de catro anos desde a data de notificación da resolución anual correspondente.

Artigo 12. *Devolución de achegas indebidas.*

Sen prexuízo do establecido no artigo 11, as empresas obrigadas ao pagamento das contribucións a que se refire o presente real decreto terán dereito á devolución do importe dos ingresos que se realizaron de forma indebida, logo de resolución do Servizo Público de Emprego Estatal, que se adoptará de oficio, nos termos do artigo 11, ou por instancia de parte. Os ditos importes poderán ser obxecto de compensación coas débedas das empresas obrigadas pendentes de pagamento polo mesmo concepto, que se realizará na seguinte proposta de liquidación anual nos termos establecidos no artigo 11.

Disposición transitoria primeira. *Normas transitorias en relación cos despedimentos colectivos que afecten traballadores de cincuenta ou máis anos en empresas con beneficios.*

1. De conformidade co establecido no número 10 da disposición adicional décimo sexta da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de seguridade social, o previsto neste real decreto será de aplicación respecto dos traballadores afectados polos procedementos de despedimento colectivo iniciados a partir do 27 de abril de 2011.

2. De conformidade co disposto na disposición transitoria décimo cuarta da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, o importe da contribución económica que deban efectuar as empresas en aplicación do establecido na disposición adicional décimo sexta da Lei 27/2011, do 1 de agosto, polos despedimentos colectivos iniciados con posterioridade ao 27 de abril de 2011 e con anterioridade á entrada en vigor daquela lei, determinarase conforme os límites e requisitos establecidos na redacción da dita disposición adicional décimo sexta aplicable en función da data de inicio do despedimento colectivo, sen que en ningún caso se poida incluír no dito importe o correspondente ás prestacións ou subsidios por desemprego dos traballadores de cincuenta ou máis anos de idade que foron despedidos polas empresas obrigadas ao pagamento daquela con anterioridade ao 27 de abril de 2011.

3. Non obstante o establecido na disposición transitoria décima da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, para a determinación do importe da achega a que se refire o número anterior respecto dos traballadores afectados por resolucións complementarias da principal, en expedientes de regulación de emprego iniciados antes do 12 de febreiro de 2012, que autoricen a ampliación do número de extincións ou suspensións de contratos ou de redución de xornada, tomarase como data de inicio do despedimento colectivo a da solicitude da resolución complementaria que finalmente autorice a ampliación do número de extincións ou suspensións de contratos ou reducións de xornada, sempre que a dita solicitude sexa posterior ao 12 de febreiro de 2012.



Disposición transitoria segunda. *Certificación da autoridade laboral nos procedementos de despedimento colectivo iniciados a partir do 27 de abril de 2011.*

Cando nun procedemento de despedimento colectivo iniciado a partir do 27 de abril de 2011 se ditase na data de entrada en vigor deste real decreto resolución estimatoria pola autoridade laboral competente, esta emitirá a certificación a que se refire o artigo 5.2 cando, segundo os datos que constan no expediente, concorresen as circunstancias establecidas no número 1 da disposición adicional décimo sexta da Lei 27/2011, do 1 de agosto, segundo a redacción aplicable en función da data de inicio do despedimento colectivo.

A autoridade laboral emitirá igualmente a certificación a que se refire o parágrafo anterior nos procedementos de despedimento colectivo iniciados a partir do 12 de febreiro de 2012 cando recibise a comunicación da decisión empresarial de despedimento colectivo e se trate dunha empresa en que, segundo os datos que constan no expediente, concorresen as circunstancias establecidas no número 1 da disposición adicional décimo sexta da Lei 27/2011, do 1 de agosto, segundo a redacción aplicable en función da data de inicio do despedimento colectivo.

A citada certificación deberá emitirse no prazo dun mes contado desde a data de entrada en vigor deste real decreto e será remitida, para os efectos oportunos, ao Servizo Público de Emprego Estatal.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Conforme o establecido na disposición derradeira quinta da Lei 27/2011, do 1 de agosto, de actualización, adecuación e modernización do sistema de seguridade social, este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.17.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social, salvo o artigo 5.2, que se dita ao abeiro do artigo 149.1.7.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a lexislación laboral.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1369/2006, do 24 de novembro, polo que se regula o programa de renda activa de inserción para desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para encontrar emprego.*

A letra b) do artigo 2.1 do Real decreto 1369/2006, do 24 de novembro, polo que se regula o programa de renda activa de inserción para desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para encontrar emprego, queda redactada nos termos seguintes:

«b. Ser demandante de emprego inscrito ininterrompidamente como desempregado na oficina de emprego durante 12 ou máis meses. Para estes efectos, considerarase interrompida a demanda de emprego por traballar un período acumulado de 90 ou máis días nos 365 anteriores á data de solicitude de incorporación ao programa.

Durante a inscrición como demandante de emprego a que se refire o parágrafo anterior deberá buscarse activamente emprego, sen ter rexeitado oferta de emprego adecuada nin terse negado a participar, salvo causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesionais ou outras para incrementar a ocupabilidade. A saída ao estranxeiro interrompe a inscrición como demandante de emprego para estes efectos.

Non se considerará interrompida a inscrición cando o solicitante acredite que a saída ao estranxeiro se produciu por matrimonio ou nacemento de fillo, falecemento ou enfermidade grave do cónxuxe ou parentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade ou polo cumprimento dun deber inescusable de carácter público e persoal, e sempre que a estadía fose igual ou inferior a 15 días.

Así mesmo, tampouco interromperá a inscrición a saída a países do Espazo Económico Europeo e Suíza para a busca ou realización de traballo, perfeccionamento profesional ou cooperación internacional, e sempre que a estada sexa inferior a 90 días.

Nos supostos en que se interrompa a demanda de emprego, exixirase un período de 12 meses ininterrompido desde a nova inscrición.»

Disposición derradeira terceira. *Dereito supletorio.*

No non previsto no capítulo III deste real decreto en relación co procedemento de liquidación, será de aplicación o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición derradeira cuarta. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízanse os ministros de Economía e Competitividade e de Emprego e Seguridade Social para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución deste real decreto.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

O disposto no presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de outubro de 2012.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN